

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA ESTÉTICA DE GRUPO

OURENSE, 14/01/2026

1. TECNIFICACIÓN 2026.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2026 será de 1.758,23 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado e acordado polo Comité autonómico:

Antecedentes: Este ano celebrárase o Campionato do Mundo e o Campionato de Europa de Ximnasia Estética de Grupo en Xapón e Hungría, respectivamente, no cal teñen previsto participar algún equipo galego se acada a clasificación.

Propostas:

1. Apoiar economicamente aos equipos seleccionados para participar no Campionato do Mundo e/ou Europa cos diversos custes derivados da súa asistencia ao mesmo: inscrición, aloxamento, manutención, desprazamento, etc.

A lista definitiva de seleccionados que formarán participarán publicarase pola RFEG tralo correspondente clasificatorio. A priori, o interés principal estaría en participar no Campionato do Mundo tendo en conta as datas dos eventos.

Realización dun control previo dos exercicios clasificados ao Mundial en setembro o outubro.

2. Que se sufraguen os gastos derivados da realización dun control previo ao Nacional para revisar os exercicios dos equipos galegos que teñan previsto participar. O control podería realizarse o 14-15 de marzo en Oleiros dirixido pola xuíza internacional D^a. Llanos Tornero. Participarían aproximadamente 7 equipos galegos co seguinte esquema de traballo:

- Quecemento xeral e traballo de técnica
- Revisión de exercicios

Estimamos que se destinaría un importe de 1.100 € para o punto 1, distribuído en 500€ para apoiar aos equipos asistentes cos gastos e 600€ para a realización do control, e para o punto 2 estimamos un custe de 650 €.

Xustificación de gastos: Tódolos gastos deberán ser xustificados ca correspondente factura acreditativa do mesmo para poder ser abonados con cargo a tecnificación.

*No caso de que non se acadase clasificación de ningún equipo galego ou este non puidera asistir por calquera outra circunstancia, o comité reuniríase para valorar a realización dunhas xornadas técnicas no segundo semestre.

2. SUXERENCIAS E PREGUNTAS